



**ACTA DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN DAS POLIZAS DE SEGURO DE "EDIFICIOS MUNICIPAIS", "RESPONSABILIDADE CIVIL-PATRIMONIAL" E "EDIFICIO AREA PANORAMICA".**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 12,30 horas do día 23 de febreiro de 2012, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, o secretario acctal. do concello D. José Angel Fernández Rodríguez, o concelleiro de Facenda e Patrimonio D. Marcelino Enrique Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D<sup>a</sup> María Jesús Blanco Martínez. Non asiste o técnico municipal D. José M<sup>a</sup> Melero González.

1.- Unha vez procedida á apertura do sobre A) "Documentación Administrativa" pola Mesa de Contratación con data 20 de febreiro 2012, acórdase pola Mesa admitir a tódalas empresas presentadas agás a empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, S.A. de Seguros y Reaseguros, dado que a fianza provisional presentada non corresponde no seu importe á esixida no prego de cláusulas administrativas.

2.- Pola Secretaria se procede a dar conta das empresas admitidas, que son :

DENOMINACIÓN EMPRESA	ENDEREZO
ALLIANZ Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	R/ Antonio Palacios, 38 - 36400 Porriño.
MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS Compañía Seguros y Reaseguros, S.A.	Rúa Cristino Alvarez, nº 1 - 15008 A Coruña.
AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros Reaseguros	Word Trade Center Almeda Park, Edificio 6 . Pla de la Pau s/n - 08940 Cornellá de Llobregat.
ZURICH INSURANCE PLC, Sucursal en España	Agustín de Foxá, 27 - 28036 Madrid.

2.- Os criterios de adxudicación establecidos son, de conformidade coa cláusula 11 do prego de condicións administrativas:

**"11º.- ADXUDICACIÓN:**

**A).-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN.-** De conformidade coa lexislación vixente, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato. A estes efectos fíxase como criterio:

- Baixa no prezo, ata un máximo de 6 puntos.
- Baixa na contía da franquicia estipulada na póliza de Responsabilidade Civil, ata 3 puntos.
- Baixa na contía da franquicia estipulada nas restantes pólizas, ata 0,5 puntos en cada unha.

**Para a valoración das proposicións terase en conta a máxima puntuación para o criterio máis vantaxoso dos ofertados e ós restantes aplicarase a media proporcional."**

3.- Pola Mesa de Contratación se procede á apertura do sobre B "Proposición Económica", co seguinte resultado:

- **ALLIANZ, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.**, que ofrece:

Prezo ofertado: 32.024,47€.

Franquicias:

Seguro de Edificios Municipais: 100,00€.

Seguro Responsabilidade Civil: 300,00€.  
Seguro de edificio Área Panorámica: 100,00€.

- **MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS** Compañía Seguros y Reaseguros, S.A., que ofrece:

Prezo ofertado: 45.000,00 €.

Franquicias:

Seguro Edificios Municipais: 150,00 €.

Seguro Responsabilidade Civil: 900,00 €.

Seguro de edificio Área Panorámica: 150,00€.

- **AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros.**, que ofrece:

Prezo ofertado: 33.401,93 €.

Franquicias:

Seguro Edificios Municipais: Equipos Electrónicos e Danos Eléctricos: 200,00€.

Resto de garantías: Sen franquicia.

Seguro Responsabilidade Civil: 600,00 €.

Seguro de edificio Area Panorámica: Equipos Electrónicos e Danos Eléctricos: 200,00€.

Resto de garantías: Sen franquicia.

-**ZURICH Insurance PLC Sucursal de España**, que ofrece:

Prezo ofertado: 29.767,64 €.

Seguro Edificios Municipais: 0 €.

Seguro de Responsabilidade Civil: 0 €.

Seguro de edificio Area Panorámica: 0 €.

De seguido se procede ás puntuacións das propostas económicas:

COMPANÍA	Baixa Económica	Franquicia Edificios M.	Franquicia R.C.	Franquicia Area Panor.	Puntuación total
ALLIANZ	5,55	0,25	2,55	0,25	8,60
MAPFRE	2,98	0,125	1,65	0,125	4,88
AXA	5,28	0	2,1	0	7,38
ZURICH	6,00	0,5	3,00	0,5	10,00

Á vista das puntuacións obtidas polas empresas licitantes, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda propoñer á empresa "**ZURICH INSURANCE PLC**, Sucursal en España", CIF W0072130H, con enderezo en rúa Agustín de Foxá, 27, 28036 Madrid, como adxudicatario do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.




**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

A MESA DE CONTRATACION.



Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

A SECRETARIA DA MESA

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

O SECRETARIO ACCTAL.

Asdo: José A. Fernández Rodríguez.

O CONCELEIRO DE FACENDA  
E PATRIMONIO

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez

